

A dez minutos andando da catedral e fermosas vistas á cidade

Inma LÓPEZ SILVA

O peor non foi convivir co fantasma. Iso é algo ao que te acabas afacendo. A primeira noite foi algo dura, é certo. Cando espertei e a vin aos pés da cama mirándome con ese medio sorriso inconfundíbel dos nenos mortos metidos a fantasma, estiven rápida. Non quedei petrificada como pensei que me pasaría a primeira vez que vise un espectro aterrador. Non espertei ao meu home que dorme apracíbel ao meu carón, coma se nada. Non quedei sen cuspe na boca e sen alento para berrar. Tampouco me parou de bater o corazón. Tiven o acto reflexo de fuxir axiña ao lugar máis seguro do mundo: a caloriña escura do edredón nórdico que sempre me funcionou como un auténtico búnker nas prácticas infantís. Pero, na realidade da primeira vez que se che presenta unha nena morta na paz do teu novo cuarto, resultou que desde debaixo do edredón, á medida que ía tomando conciencia de que non soñaba, seguía oíndoa. Porque os fantasmas respiran, e así é como me esperta todas as noites ás 4:35.

A iso acabei afacéndome. Aínda que pareza mentira, o medo deixa de ser tal cando te familiarizas con el, como ten que ser. Así que en canto comprobei que a nena morta se presentaba todas as noites no noso cuarto para non facer máis que sorrir nese aceno aterrador e respirar ruidosamente cos cabelos loiros noxentos pegados á cara, asumín que iso podía ser algo co que, simplemente, tería que vivir xa que o piso estaba mercado e a hipoteca ancorada á miña alma para sempre. A nena morta simplemente se pon aí e non fai nada máis. E eu, respectuosa, tampouco sinto ningunha necesidade de facer nada máis ca aturala. Non teño eu madeira de personaxe de filme, así que nunca contemplei nin a máis mínima posibilidade de salvara do seu purgatorio e axudala a ir ao ceo investigando nas causas da súa morte, unha morte sen dúbida violenta,

a xulgar polas trazas da coitada. Se quere que a axude, que mo diga, pensei unha mañá; pero só por chantarse aí ameazadoramente, non penso poñerme en plan *Caza fantasmas* nin espiritista. O meu home roncando amola moito máis ca un fantasma que simplemente respira forte. Imaxino, iso si, que a matarían nesta mesma cama na que durmimos nós, e por iso se presenta. Pero é curioso como a unha deixan de importarlle esas cousas do pasado, mesmo co espectro aos seus pés, se se centra en pensar por qué ao condenado do seu home non o esperta nin a máis estarecedora presenza do Alén no seu cuarto e se, sobre todo, ten outras preocupacións.

Como por exemplo o asunto das cañerías. Se a nena non fose un espectro, senón un zombi putrefacto coas vísceras saíndolle polas costuras mal feitas de varios cortes abdominais, seguro que uliría moito mellor ca os baños da miña casa nova. É certo que iso non comezou o primeiro día, pero xa ao segundo mes, coa chegada do verán, entendín que teríamos que compartir o noso amor de acabados de casar con aquela sensación de ter acampado nunha esterqueira mentres non conseguíssemos xuntar os cartos para mudar a instalación dos cuartos de baño. Valorei mudármonos de cuarto a un sitio máis lonxe dos váteres, pero pareceume que era deixarlle gañar á nena morta na súa clara intención de botarme do meu cuarto, e confíei en que quizais o cheiro das cañerías a fixese lisar. Pero se cadra as fantasmas perden o sentido do olfacto ao morrer, porque alí quedou. Comprobei, con isto, que a cacholonería prevalece despois de mortos.

Logo tamén descubrí que o chan do salón estaba torto e que as mesas, aparadores, estanterías e vitrinas precisarían dunha parte interesante da biblioteca do meu home para preservar a horizontalidade. A *Crónica Troiana* serviu de tope para manter a vaixela a flote, na zona na

que sen dúbida hai o problema máis serio, pero o *Manifesto Comunista*, a *Retórica* de Aristóteles, *A esmorga* e *Escola de menciñeiros* tamén tiveron que baixar dos andeis ao chan por arte de birlebirloque se non queremos que a nena morta, nos seus paseos esporádicos polo resto da casa, se corte nos pés cos restos da cristalería esnaquizada, as figuras de Sargadelos descabezadas e a porcelana de Limoges rota porque ao contratista lle esqueceu o nivel o día que fixeron o chan do noso salón do trinque.

Fronte a iso, as humidades na parede que apareceron co inverno e os primeiros trebóns, os interruptores que acenden as luces de cuartos nos que non están, as táboas do chan que renxen ao pisalas, a fendedura na porta da entrada, os azulexos da cocina abombados, a calefacción imposíbel de baixar dos 32°C, a posibilidade de escoitar desde os peidos dos veciños ata ese fermoso quérote co que se saúdan o día do seu aniversario, o sumidoiro da bañeira que non some, a fiestra que non pecha e o enchufe que tritura o motor dos aparatos eléctricos que ouso conectar nel, son menudencias habituais, polo que sei, nestes pisos de nova construción, a dez minutos andando da catedral e acabados de luxo polos que unha chea de señores coma o que mo vendeu a min pagaron hai dous anos unha pasta. Menudencias, si, segundo nos explicou a secretaria da construtora cando fomos coa ristra de reclamacións postas nun papel que amoreou nunha bandexa de plástico, ao carón doutras moitas, cun sorriso que, no momento, me pareceu máis aterrador ca o da miña fantasma. “Ten paciencia”, díxome o meu home, “están obrigados a subsanar os erros de construción”. Coitado!

Eu creo que por todo iso mataron á nena morta. Un rauto causado polos desniveis no chan e o lío para acender e apagar as luces. Ou pode que fose polas gaiotas. Ao que levabamos uns meses instalados, cheguei á conclusión de que o espectro aterrador, en realidade, se metía no noso cuarto para refuxiarse das gaiotas que, non sei por que, asumiron como local de moda entre a súa especie a terraza de 40 me-

tros con estupendas vistas á cidade e céspede artificial coidadosamente colocado polo mesmo contratista do chan do salón. Penso en serio que o anterior dono toleou por culpa desa morea de gaiotas que, a modo de Hitchcock, peteiran nos cristais para avisaren de que están aí, dispostas a arrincarnos os ollos ao fantasma e mais a min, se ousamos invadir o territorio do que se apropiaron na marabillosa terraza pola que namoramos deste piso prometéndonos románticos almozos con zume de laranxa mesturado con champán e ovos revoltos.

Por suposto que non. O peor non é convivir co fantasma. Estou segura de que ela, se puidera, tamén se aparecería noutro sitio, igual que eu, se puidera, marcharía de aquí como marchou o anterior propietario.

Por iso esta noite, por fin me atrevín a mirar o fantasma da nena morta aos ollos desde unha regandixa do edredón nórdico, e entendín, ao ritmo da súa respiración escandalosa, que a miña salvación está nela. En realidade, tomei a decisión hai un par de días pero hoxe entendímonos e, de certo, deille a súa forma definitiva.

Ten que ser rápido e violento para que lle quede a cara de inocencia e o sorriso burlón da nena esta. Con este martelo de ancorar os armarios para que non envorquen. Se o mato agora que ronca alleo a todo e tan tranquilo, cun par de golpes ben dados, abondará. Non vai berrar. Síntoo por el, que non sabe do fantasma que nos visita. Síntoo porque o amo fondamente, pero xustamente porque o amo sei que non podemos vivir aquí nin un segundo máis e esta é a única forma de saír deste inferno. Así marchamos os dous, e listo. A cadea ten que ser mellor que o paseo de dez minutos á catedral e as gaiotas que tomaron a nosa terraza de 40 metros.

Esta imaxe do fantasma da nena morta acarriñando agora as feridas do meu home, entenréceme, mentres marco no teléfono o número da policía para entregarme. Quizais ninguén o entenda, pero eu sei seguro que, no fondo, lle fago un favor a quen veña despois. Verán como ter un piso cheo zombis si que vale para que teña éxito a reclamación á construtora.